

CARLOS LÓPEZ BERNÁRDEZ HISTORIADOR DA ARTE

«A pintura galega, ás veces, foi mal lida e valorada en España»

O experto en arte galega presenta un ensaio centrado na evolución da pintura na primeira metade do século XX

JORGE LAMAS
VIGO / LA VOZ

A Fundación Laxeiro acolle esta tarde, ás 20.00 horas, a presentación do libro *Do idilio á diáspora. Modernidade e compromiso na pintura galega de Castelao a Seoane* (Nigra Trea), do vigués Carlos López Bernárdez.

—¿Que conta neste libro?

—Repaso a pintura galega dende a primeira década do século XX ata Luís Seoane, nos anos cincuenta e sesenta.

—¿Por que fala de idilio?

—Contrasta coa diáspora, que fai referencia ao exilio. Remite á construción dunha escola de pintura galega, a finais do XIX,

onde hai unha concepción da temática galega que tende a idealizar paisaxes e costumes. Logo hai unha superación dese modelo, no momento renovador de Os Novos, con Maside, Souto, Colmeiro ou Laxeiro. É un momento de máxima tensión da realidade pero cunha técnica máis moderna e renovadora, e tamén con elementos de compromiso social, con Castelao como punto de inflexión.

—¿Hai neses momento unha vontade de universalidade?

—Si, hai unha conexión entre o que é a maneira de enfocar a pintura do momento renovador de Maside, Souto, Laxeiro, con momentos internacionais, sobre todo cos realismos de entre

guerras no contexto europeo.

—¿Tivo Vigo un papel especial?

—Como enlace entre o exterior e a cultura galega do interior. Nese contexto, hai tempo, sitúei o proxecto expositivo *De Vigo a Bos Aires*. É certo que moitos dos autores foron bolseiros da Deputación de Pontevedra e por iso hai certa hexemonía dalgúns autores do sur de Galicia, pero é un fenómeno de todo o país.

—¿Tiveron repercusión fóra?

—Algúns tiveron ligazóns con artistas dos movementos renovadores españois. Souto, por exemplo, cos Ibéricos nos anos 20. Algúns xogaron un papel moi relevante no bando republicano durante a guerra,



Carlos López tamén é profesor de lingua e literatura galega. SANTI M. AMIL

como Castelao e Souto. Outros, dende o exilio, como é o caso de Seoane. Souto participou na exposición onde se amosou o *Guernica* no ano 1937 en París. Agora, dende outra perspectiva, a singularidade do movemento galego foi un pouco esvaída dende a perspectiva española,

e segue sendo. Ás veces, mal lida, mal considerada, pouco coñecida ou pouco valorada.

—¿Escribiu para público erudito?

—Pretendo que sexa lido por un lector interesado aínda que mantendo o rigor. Non é un texto hermético.